

## CONVOCATORIA DE BOLSAS IBEROAMÉRICA. SANTANDER INVESTIGACIÓN

### CURSO 2020/21

De conformidade co convenio asinado entre o Banco de Santander e a Universidade da Coruña e coas bases xerais do programa "BECAS IBEROAMÉRICA. SANTANDER INVESTIGACIÓN", publícase a convocatoria de **2** bolsas para o curso **2020/21** para reforzar a mobilidade e o intercambio de profesores e investigadores mozos e alumnado de doutoramento entre universidades e centros de investigación iberoamericanos, condición necesaria para avanzar cara á construción dun espazo iberoamericano do coñecemento socialmente responsable.

#### I. NÚMERO DE BOLSAS E OBXECTO DESTAS

1. Convócanse **2** bolsas con cargo ás partidas orzamentarias 0800470114 422D 48000 e 0800470114 422D 48100. Concederase unha bolsa a un membro do PDI e outra a un/unha estudante de doutoramento. No caso de que non haxa candidatos nun dos sectores, as dúas bolsas poderánselles conceder a solicitantes do mesmo sector.
2. Cada bolsa ascende a unha cantidade de **5000 €**
3. As bolsas destinaranse a sufragar os custos de desprazamento, seguro, manutención e aloxamento.

#### II. REQUISITOS E INCOMPATIBILIDADES

##### A) REQUISITOS:

Será requisito imprescindible, para permitir a participación dos candidatos nos procesos de selección de beneficiarios, a súa inscrición previa en liña no programa de Bolsas do Banco de Santander a través da ligazón na páxina web [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com).

– *Para estudantes de doutoramento:*

- Estar matriculado en estudos de doutoramento na Universidade da Coruña tanto no curso 2019/20 como no curso **2020/21**, no momento de realizar a estadía no estranxeiro.
- A persoa que dirixa a súa tese de doutoramento debe estar inscrita no Catálogo de Investigación da UDC e presentarse á avaliación pola ANEP o u a AEI ("Agencia Estatal de Investigación") no período 2017–2019, ben de xeito individual ou como membro dun grupo de investigación ou unidade do catálogo.

– *Para PDI:*

- Ter a condición de PDI con vinculación funcionaria ou contractual coa UDC, tanto no momento da solicitude como no período en que se desenvolverá a estadía de investigación no estranxeiro.
- Debe figurar no Catálogo de Investigación da UDC.  
Debe terse presentado á avaliación pola ANEP ou a AEI no período 2017–2019, ben de xeito individual ou como membro dun grupo de investigación ou unidade do catálogo.

– Ter preferiblemente menos de 35 anos.

– Non ser beneficiario dunha bolsa Santander de mobilidade a un país iberoamericano en convocatorias anteriores.

– Ter unha carta de invitación do centro de destino iberoamericano en que se especifiquen as datas previstas da estadía en destino.

#### III. INSTITUCIÓNS DE DESTINO

1. Os destinos serán **centros de investigación ou universidades iberoamericanas distintas ás do país de orixe e de Portugal.**

#### IV. PASOS QUE HAI QUE SEGUIR PARA PRESENTAR UNHA SOLICITUDE

##### A) INSCRICIÓN EN LIÑA E FORMALIZACIÓN POR ESCRITO DAS SOLICITUDES:

1. O PDI ou estudante de doutoramento que decida presentar unha solicitude **deberá formalizar con anterioridade a súa inscrición previa en liña** no programa de Bolsas do Banco de Santander a través da ligazón da páxina web [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com).
2. A inscrición en liña no programa de Bolsas do Banco de Santander por si soa non constitúe a presentación da solicitude. As persoas candidatas que só realicen esta inscrición en liña quedarán excluídas do proceso de selección.
3. Unha vez que realicen a inscrición en liña, os candidatos **deberán presentar unha solicitude por escrito segundo o modelo que se xunta (anexo I)** dirixido á directora da Oficina de Relacións Internacionais. A presentación desta solicitude **é imprescindible** para participar no proceso de selección.

##### B) DOCUMENTACIÓN ADICIONAL QUE DEBE ACOMPAÑAR A SOLICITUDE:

A solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación:

1. Copia do DNI da persoa candidata
2. Currículo. Deberanse achegar os documentos xustificativos dos méritos especificados no CV, relacionados especialmente co proxecto que se desenvolverá.
3. Proxecto que se desenvolverá, que poderá consistir nun traballo de investigación básica, investigación estratéxica, investigación aplicada, desenvolvemento experimental ou transferencia de coñecemento, incluídas a innovación e as capacidades de asesoramento, supervisión e docencia, xestión dos coñecementos e dereitos de propiedade intelectual e a explotación de resultados de investigación. Non se considerarán válidas as estadias en Iberoamérica que se desenvolvan co único obxectivo de impartir docencia.
4. Carta de invitación do centro de destino
5. Ademais:
  - No caso de PDI*
    - O certificado de antigüidade na UDC expedido polo servizo de PDI, en que se deberá especificar o período de vixencia do contrato nos casos de contratos temporais.

*No caso de estudantes de doutoramento*

- A copia da matrícula de doutoramento no curso 2019/20

##### C) LUGAR E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

1. As solicitudes presentaranse preferentemente no Rexistro Electrónico da UDC, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares do campus da Coruña, provisionalmente na Zapateira (Facultade de Ciencias) ou do campus de Ferrol (Dr. Vázquez Cabrera s/n, Esteiro, 15403 Ferrol). Así mesmo, poderanse presentar por calquera dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Poderanse presentar a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Taboleiro Electrónico e na páxina web da ORI e **ata as 14:00 h do día 16/03/2020**.

#### V. SELECCIÓN DAS PERSOAS BOLSEIRAS E RESOLUCIÓN

##### A) CRITERIOS DE SELECCIÓN E COMISIÓN DE SELECCIÓN

1. A selección das persoas bolseiras farase entre as solicitudes presentadas validamente mediante a aplicación dos criterios xerais de capacidade, mérito e obxectividade tendo en conta:
  - a. O currículo da persoa candidata (10 puntos)
  - b. A adecuación do currículo ao proxecto solicitado (20 puntos)
  - c. O proxecto de investigación que se realizará durante a estadia solicitada (40 puntos)

- d. A avaliación ANEP-AEI de: (1) a persoa candidata PDI, (2) a que dirixa a tese de doutoramento do/a estudante, (3) o grupo ou unidade de investigación en que estea integrada (30 puntos)
  - e. En caso de empate, primaranse os candidatos que teñan menos de 35 anos.
2. A Comisión encargada da selección estará formada por:
    - a vicerreitora de Internacionalización e Cooperación: Pilar García de la Torre
    - a directora da Oficina de Relacións Internacionais: Begoña Crespo García
    - a técnica da Oficina de Relacións Internacionais: Sandra King
    - o adxunto a investigación: Horacio Naveira Fachal

## B) RESOLUCIÓN E RECURSOS

1. A resolución definitiva das bolsas publicarase no Taboleiro Electrónico e na páxina web da Oficina de Relacións Internacionais: [www.udc.gal/ori](http://www.udc.gal/ori), antes do 15/04/2020.
2. Contra a resolución definitiva, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da devandita publicación.

## VI. A ACEPTACIÓN DA BOLSA E AS SÚAS CONSECUCIÓNS

1. A persoa beneficiaria da bolsa deberá subscribir o **Documento de aceptación (ANEXO II)**, que consta de 2 páxinas) e facerllo chegar á ORI preferentemente por correo electrónico a [rrii@udc.es](mailto:rrii@udc.es), no **prazo máximo de 5 días naturais** a partir da publicación da listaxe definitiva de persoas seleccionadas. Ademais, a persoa beneficiaria deberá aceptar a bolsa no portal [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com).
2. En caso de renuncias ou de incumprimento do prazo de aceptación, abrirase un período de reasignación das bolsas e da súa correspondente aceptación por parte de candidatos en lista de espera, entre o 27 de abril e o 7 de maio de 2020.
3. Calquera incumprimento do prazo de aceptación a unha das axudas suporá a anulación automática da adxudicación.

A aceptación da bolsa Santander Investigación implica o consentimento das persoas participantes para a cesión dos seus datos persoais ao Banco Santander, S.A. coa finalidade de verificar a participación no Programa e o seu seguimento e a incorporación destes ao ficheiro de usuarios das páxinas web de Internet propiedade de Banco Santander, S.A., que constitúen o Portal de Bolseiros a que se accede actualmente desde Bolsas-Santander ([www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com)) para a finalidade da xestión e prestación dos servizos propios da bolsa. Neste sentido, o Santander e as universidades participantes, igualmente, comprométese, no necesario, a cumprir o establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais lexislación concordante e aplicable nesta materia.

## VII. OBRIGAS DAS PERSOAS BOLSEIRAS

Sen prexuízo das demais obrigas e dereitos establecidos na presente convocatoria, a persoa adxudicataria dunha bolsa Santander Investigación terá que cumprir coas seguintes obrigas:

1. A persoa beneficiaria da bolsa "Iberoamérica. Santander Investigación" deberase **inscribir previamente** como tal obrigatoriamente na páxina: [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com) **antes do 16/03/2020**.
2. A persoa beneficiaria deberá **aceptar** a bolsa a través da plataforma habilitada no portal de bolsas [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com) **antes do 26/04/2020**.

O seguro obrigatorio que o/a estudante seleccionado/a deberá contratar terá a mesma duración da bolsa e deberá incluír, como mínimo, as coberturas de: (i) falecemento ou invalidez permanente por accidente, (ii) transporte ou repatriación sanitaria de falecidos, feridos ou enfermos, (iii) gastos médicos e cirúrxicos, hospitalización por enfermidade ou accidente, (iv) responsabilidade civil privada. O beneficiario deberalle achegar á ORI a **copia do seguro contratado ANTES DO INICIO DA MOBILIDADE**.

3. A estadía na institución de destino deberase realizar no período comprendido entre o 1/08/2020 e o 30/08/2021. A **duración mínima** esixida de estancia será de **2 meses para o PDI** e de **4 meses para os estudantes de doutoramento**.
4. Todos os bolseiros deberán autorizar a universidade para que lle proporcione ao Santander a través da páxina [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com) e na ligazón correspondente ao programa, a información que este lles requira para estes efectos.
5. O alumnado de doutoramento adxudicatario da mobilidade deberalle remitir á ORI a copia da súa matrícula de doutoramento para o curso 2020/21 antes de iniciar a súa mobilidade ou no momento de renovar a matrícula.
6. As persoas beneficiarias deberanlle remitir á ORI un **certificado de incorporación debidamente asinado e selado pola institución de destino**, segundo o modelo do anexo III, no prazo máximo de 10 días tras a chegada ao destino.
7. As persoas beneficiarias deberanlle remitir á ORI un **certificado de fin de estancia debidamente asinado e selado pola institución de destino**, segundo o modelo do anexo IV, no prazo máximo dun mes tras o remate da estadía, así como un **informe final** redactado por eles, que especifique os resultados obtidos.
8. En todo caso, en todas as publicacións referidas aos resultados da investigación realizada, especificarase que a persoa investigadora foi beneficiaria destas bolsas.

#### VIII. INCUMPRIMENTO

A solicitude supón a aceptación da convocatoria e das súas bases. Calquera incumprimento da convocatoria ou das súas bases suporá a devolución da axuda recibida.

#### IX. PAGAMENTOS

1. O importe da bolsa aboarao a UDC exclusivamente mediante unha transferencia bancaria a unha conta aberta a nome do/a bolseiro/a nunha oficina do Banco Santander en España. O número de conta Banco Santander deberá conter un dos seguintes ESXX: ES0049, ES0075, ES0030, ES0238 o ES0086.
2. Os pagamentos realizaranse en dous prazos: o primeiro prazo (80 %) farase efectivo ao recibir na Oficina de Relacións Internacionais a certificación de incorporación (segundo o anexo III) á universidade de destino; o segundo prazo (20 %) farase efectivo ao recibir na Oficina de Relacións Internacionais a **certificación do fin da estadía** (segundo o anexo IV) e o **informe final** da persoa beneficiaria.

#### X. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou RXPDP), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal). A solicitude dunha destas bolsas na Universidade da Coruña implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumpriran o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD). Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consinte expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos Taboleiros físicos da UDC e no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales Taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten

necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Personais. A persoa interesada consente no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001. A Coruña ou ao correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal), coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, xunto cunha fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal). Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

O Reitor  
Julio Abalde Alonso



## SOLICITUDE

BOLSAS IBEROAMERICA - SANTANDER INVESTIGACIÓN  
CURSO 2020/21

## DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS \_\_\_\_\_ NOME \_\_\_\_\_

NIF \_\_\_\_\_ IDADE: \_\_\_\_\_ DATA DE NACEMENTO: \_\_/\_\_/\_\_\_\_

ENDEREZO \_\_\_\_\_ LOCALIDADE \_\_\_\_\_

PROVINCIA \_\_\_\_\_ CÓDIGO POSTAL \_\_\_\_\_

TEL. \_\_\_\_\_ CORREO ELECTRÓNICO \_\_\_\_\_@udc.es

CENTRO NA UDC \_\_\_\_\_

Comunidade universitaria da UDC:  PDI  Alumno de doutoramento

## INSTITUCIÓN DE DESTINO PARA A QUE SOLICITA A BOLSA:

Institución de destino \_\_\_\_\_

Tempo de estancia previsto no destino: \_\_\_\_\_ meses (Aprox. do \_\_/\_\_/20\_\_ ao \_\_/\_\_/20\_\_)

## DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- currículo
- proxecto que se desenvolverá no destino
- copia do DNI
- certificado do Servizo de PDI (para PDI) ou matrícula de doutoramento 2019/20 (para estudantes)
- carta de invitación do centro de destino

Declaro que me inscribirei na páxina [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com) antes do 16/03/2020.Todos os datos de carácter persoal serán procesados de acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A Coruña, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura da persoa solicitante \_\_\_\_\_

SR. DIRECTOR DA OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS DA UDC

## ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

BOLSAS IBEROAMÉRICA - SANTANDER INVESTIGACIÓN  
CURSO 2020/21

NOME E APELIDOS \_\_\_\_\_

DNI \_\_\_\_\_ ENDEREZO \_\_\_\_\_

LOCALIDADE \_\_\_\_\_ CÓDIGO POSTAL \_\_\_\_\_

PROVINCIA \_\_\_\_\_ TELÉFONOS \_\_\_\_\_

CORREO ELECTRÓNICO \_\_\_\_\_

**ACEPTO** as condicións da axuda e declaro que me inscribín na páxina [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com), para a estadía na institución de destino \_\_\_\_\_

- Teño unha conta aberta ao meu nome nunha oficina do Banco Santander en España que conteña un dos seguintes ESXX: ES0049 / ES0075 / ES0030 / ES0238 / ES0086.

Nº de conta bancaria: \_\_\_\_\_ (é obrigatorio achegar o impreso de "solicitud de pagamento por transferencia" debidamente asinado)

- Teño contratado un seguro pola duración total da estadía

**RENUNCIO** á axuda \_\_\_\_\_

A Coruña, \_\_\_\_\_

Asdo.:

OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS DA UDC



UNIVERSIDADE DA CORUÑA  
 CIF: Q 6550005 J  
 Rúa da Maestranza, 9  
 15001 A Coruña

**SOLICITUDE DE PAGAMENTO POR TRANSFERENCIA  
 E MODIFICACIÓN DE DATOS PERSOAIS E/OU BANCARIOS <sup>(1)</sup>**

<b>I. DATOS DA PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA ACREDORA</b>		
NIF/NIE/CIF/PASAPORTE: <sup>(2)</sup>		ALTA FISCAL PARA NOVOS RESIDENTES (NIE)
		<input type="checkbox"/> Declaro estar dado/a de alta no modelo fiscal 030 (NIE) <sup>(3)</sup>
Nome e apelidos ou denominación social:		
Enderezo fiscal:		
Municipio	Provincia	
Teléfono fixo:	Móbil:	Correo electrónico:

<b>II. DATOS DO/A REPRESENTANTE</b>	
NIF: <sup>(2)</sup>	Nome e apelidos:

<b>V. ALTA DE DATOS BANCARIOS</b>	
Código IBAN	
E	S
<b>CONSTANCIA DA ENTIDADE FINANCEIRA<sup>(4)</sup></b>	
Certifico a existencia da conta que se referencia en "V. Alta de datos bancarios" aberta a nome da persoa titular que se reflicte en "I. Datos da persoa física ou xurídica acreedora".	
O/a apoderado/a	
(SELO)	
(Sinatura)	

Ferrol, A Coruña, ..... de ..... de.....

(Sinatura)

(1) Calquera modificación posterior destes datos deberase formalizar mediante un novo impreso.

(2) Achéguese unha fotocopia do documento correspondente.

(3) Achéguese, se proceder, unha fotocopia do modelo fiscal 030.

(4) Esta constancia debe ser asinada pola entidade financeira, ou achegar unha certificación nun documento independente do propio banco.

SERVIZO DE XESTIÓN FINANCEIRA  
 SECCIÓN DE CONTABILIDADE



**BOLSAS IBEROAMERICA - SANTANDER INVESTIGACIÓN  
CURSO 2020/21****CERTIFICADO DE INCORPORACIÓN**

Nome da institución de acollida:

**CERTIFICA QUE:**D./D<sup>a</sup>:

Se incorporou á nosa institución con data:

\_\_\_\_\_  
Data de chegada\_\_\_\_\_  
Selo e sinatura

Nome do/da responsable institucional: \_\_\_\_\_

Cargo: \_\_\_\_\_

**REMÍTASE A:****Universidade da Coruña  
Relacións Internacionais****Correo-e: [outgoing.rrii@udc.es](mailto:outgoing.rrii@udc.es) (campus da Coruña) ou [riferrol@udc.es](mailto:riferrol@udc.es) (campus de Ferrol)***Nota: este documento deberá ser enviado á institución de orixe coa data en que o/a candidato/a se incorpore, selado e asinado, nun prazo máximo de 10 días desde que se incorpore.*

**BOLSAS IBEROAMÉRICA - SANTANDER INVESTIGACIÓN**  
**CURSO 2020/21**

**CERTIFICADO DE FIN DE ESTANCIA**

Nome da institución de acollida:

**CERTIFICA QUE:**

D./D<sup>a</sup>:

Realizou unha estancia de investigación na nosa institución:

desde   /  /   **20**                    ata   /  /   **20**     
día/mes/ano                                    día/mes/ano

Na Facultade ou Escola ou Departamento: \_\_\_\_\_

Data

Selo e sinatura

(Teña en conta que esta data de sinatura non poderá ser anterior á de finalización da estancia)

Nome do/a responsable institucional: \_\_\_\_\_

Cargo: \_\_\_\_\_

**ENTREGUEN O ORIXINAL EN:**

**Universidade da Coruña  
Relacións Internacionais  
O Lagar  
Campus de Elviña  
E-15071 A Coruña**

**PRAZO: MÁXIMO UN MES TRAS FINALIZAR A ESTANCIA**